Folleto informativo en lectura fácil.

Eleccións xerais do 29 de novembro de 2026.

Que pasos debo seguir para votar no local electoral?

XUNTA DE GALICIA

Xacobeo 2027

FADEMGA

Plena inclusión Galicia

FADEMGA Plena inclusión Galicia.

Programa de Cidadanía Activa e Accesibilidade Cognitiva.

Subvencionado pola Xunta de Galicia (Programas IRPF).

Validación: equipo de validación de FADEMGA Plena inclusión Galicia.

Texto redactado e validado seguindo as pautas de lectura fácil

de Inclusion Europe e a norma UNE 153101 EX.

Logotipo europeo de lectura fácil na portada © Inclusion Europe

Máis información en https://www.inclusion-europe.eu/easy-to-read/

Índice

- Para que é este folleto? ..... **Páxina 4**
- Que son as eleccións? ..... **Páxina 4**
- Por que son importantes as eleccións? ..... **Páxina 5**
- A quen votamos nas eleccións xerais? ..... **Páxina 5**
- Que persoas poden votar nas eleccións? ..... **Páxina 6**
- Como decido a quen votar? ..... **Páxina 7**
- De que formas podo votar? ..... **Páxina 8**
- Como teño que votar nas eleccións xerais aos deputados e deputadas do Congreso? .... **Páxina 8**
- Como teño que votar nas eleccións xerais aos senadores e senadoras do Senado? ..... **Páxina 10**
- Que día teño que ir a votar? ..... **Páxina 12**
- Onde teño que votar? ..... **Páxina 12**
- A que hora podo ir a votar? ..... **Páxina 13**
- Que podo facer se necesito apoio para votar? ..... **Páxina 13**
- Que documentos teño que levar para poder votar? ..... **Páxina 14**
- Que pasos teño que seguir para votar no local electoral? ..... **Páxina 15**

Para que é este folleto?

Este folleto recolle información importante
sobre as eleccións xerais
que se van celebrar este ano.

As eleccións xerais celébranse
o domingo 29 de novembro do 2026.

Neste folleto explicamos as cousas máis importantes
que tes que saber para votar nestas eleccións.

Que son as eleccións?

As eleccións son a forma que temos os cidadáns
de elixir un goberno.
Nas diferentes eleccións
eliximos ás persoas que queremos que gobernen
por exemplo, en España ou no noso concello.

As persoas que se presentan a unhas eleccións
chámanse candidatas ou candidatos.

Por que son importantes as eleccións?

As eleccións son importantes porque permiten
que os cidadáns poidamos elixir ás persoas que gobernan
por exemplo, en España ou no noso concello.

A quen votamos nas eleccións xerais?

Nas eleccións xerais votamos ás persoas
que nos representan no Parlamento de España.
O Parlamento de España tamén se chama
Cortes Xerais.

As Cortes Xerais están formadas
polo Congreso dos Deputados e o Senado.

Nas eleccións xerais
eliximos aos deputados e deputadas do Congreso
e aos senadores e senadoras do Senado.
Os deputados e deputadas do Congreso
elixen ao deputado ou deputada que será
o presidente ou presidenta do país.

O presidente ou presidenta

elixe ás ministras e ministros do seu goberno.

O Goberno de España está formado polo presidente ou presidenta

e as súas ministras e ministros.

As Cortes Xerais teñen as seguintes funcións:

- Fan as leis.

- Aceptan os presupostos do país.
  O Goberno fai os presupostos do país.

- Controlan o que fai o Goberno.

Que persoas poden votar nas eleccións?

Nas eleccións podemos votar todas as persoas

que cumpramos estes 2 requisitos:

- Ter 18 anos ou máis.

- Estar anotado no censo electoral.

  O censo electoral é unha lista

  na que aparecen os nomes das persoas

  que poden votar nas eleccións.

Dende o 2019 **todas** as persoas con discapacidade intelectual

poden votar.

Como decido a quen votar?

Ás eleccións preséntanse moitos partidos políticos.

Cada partido político presenta o seu programa electoral.

Os programas electorais son documentos

que recollen as ideas e accións

que quere facer cada partido político.

Podes informarte dos programas electorais dos partidos políticos

de diferentes formas:

- Podes ir aos mitins dos partidos políticos.

  Os mitins son charlas dos partidos políticos.

- Podes informarte dos programas electorais

  nos medios de comunicación

  por exemplo, televisión, radio, periódico ou internet.

- Ás veces algúns partidos políticos

  envíannos ás nosas casas

  un resumo do seu programa electoral.

De que formas podo votar?

Podes elixir **1** destas formas para votar:

- Podes votar en persoa no teu local electoral.

  O local electoral tamén se pode chamar colexio electoral.

- Podes votar por correo.

Como teño que votar nas eleccións xerais aos deputados e deputadas do Congreso?

Para votar aos deputados e deputadas do Congreso

tes que elixir a papeleta branca

do partido político que queres que goberne.

Hai unha papeleta branca por cada partido político

que presenta candidatos e candidatas

para o Congreso.

Tes que meter a papeleta branca

do partido que elixas

no sobre branco que pon Deputados/as.

Podes votar en branco

ás deputadas e deputados do Congreso.

Votas en branco cando metes na urna

o sobre branco sen papeleta.

Os votos en branco tamén contan.

Cando votas en branco o teu voto

vai para o partido político que máis votos consegue.

Podes votar nulo

aos deputados e deputadas do Congreso.

Votas nulo cando:

- Metes unha papeleta rota ou escrita no sobre.
- Metes un sobre roto ou escrito na urna.
- Metes papeletas de distintos partidos políticos no sobre.
- Metes unha papeleta na urna sen sobre.
- Metes unha papeleta ou un sobre non oficial.



Os votos nulos non contan.

Como teño que votar nas eleccións xerais aos senadores e senadoras do Senado?

Para votar aos senadores e senadoras do Senado
tes que coller a papeleta de color salmón.

Só temos **1** papeleta de color salmón.
Nesta papeleta
aparecen os candidatos e candidatas para o Senado
de **todos** os partidos políticos.

Na papeleta de color salmón
podes marcar 1, 2 ou 3 candidatos ou candidatas.
Podes marcar candidatos ou candidatas
dun mesmo partido político
ou de diferentes partidos políticos.

Para elixir ao candidato ou candidata que queres votar
tes que escribir un **X** dentro do cadrado
que está ao lado do seu nome.

Tes que meter a papeleta de color salmón
no sobre de color salmón
que pon Senadores/as.

Podes votar en branco

ás senadoras e senadores do Senado.

Votas en branco cando metes a papeleta de color salmón

sen marcar ningún cadrado.

Tamén votas en branco

cando metes o sobre de color salmón

baleiro na urna.

Os votos en branco tamén contan.

Cando votas en branco o teu voto

vai para o partido político que máis votos consegue.

Podes votar nulo

aos senadores e senadoras do Senado.

Votas nulo cando:

- Metes unha papeleta rota no sobre.
- Metes un sobre roto ou escrito na urna.
- Metes a papeleta de color salmón con marcas fora dos cadrados.
- Metes unha papeleta na urna sen sobre.
- Metes unha papeleta ou un sobre non oficial.
- Marcas máis de 3 candidatos ou candidatas
  na papeleta de color salmón.

Os votos nulos non contan.

Que día teño que ir a votar?

As eleccións xerais son o domingo 29 de novembro.

Onde teño que votar?

Tes que votar no local electoral

que che corresponde.

Para saber en que local electoral tes que votar

podes mirar a tarxeta do censo.

A tarxeta do censo é unha tarxeta que recibimos as persoas

que podemos votar nunhas eleccións.

Esta tarxeta chega a túa casa antes do día das eleccións.

Nesta tarxeta aparece información importante

por exemplo:

- O teu municipio ou concello.
- O local electoral que che corresponde.
- A mesa na que tes que votar.

Imaxe dunha tarxeta censal

A que hora podo ir a votar?

Podes ir a votar ao teu local electoral

o domingo 29 de novembro do 2026

de 9 da mañá a 8 da tarde.

Que podo facer se necesito apoio para votar?

Se necesitas apoio para votar

podes ir acompañado ou acompañada

dunha persoa da túa confianza.

Por exemplo, algúns votantes que non saben ler

ou teñen algunha discapacidade

necesitan axuda doutra persoa para preparar o seu voto.

Isto chámase **voto asistido**.

Imaxe do voto asistido

Que documentos teño que levar para poder votar?

Para poder votar tes que levar

1 destes documentos:

- O teu DNI:

- O carné de conducir:

- O pasaporte:

Tes que levar o **documento orixinal.**

Non pasa nada se o documento está caducado.

Que pasos teño que seguir para votar no local electoral?

Neste apartado vamos explicar
os pasos que tes que seguir para votar
no local electoral.

Mira na tarxeta do censo
a mesa electoral na que tes que votar.

Vai á mesa das papeletas para preparar o teu voto.
Se prefires preparar o teu voto de forma máis privada
podes ir á cabina.
Na cabina tes papeletas e sobres para preparar o teu voto.
Se levas o teu voto preparado da casa
non necesitas facer este paso.

Recorda que nas eleccións xerais votamos
aos deputados e deputadas do Congreso
e aos senadores e senadoras do Senado.

Tes que preparar o voto do sobre branco

para elixir ás deputadas e deputados

e o voto do sobre de color salmón

para elixir ás senadoras e senadores.

Non tes porque votar ás 2 cousas.

Podes votar só para os deputados e deputadas

ou só para as senadoras e senadores.

PASO 3

Vai á mesa electoral na que tes que votar.

Entrega o teu DNI, carné de conducir ou pasaporte **orixinal**

ás persoas que están na mesa.

Imaxe dunha persoa ensinando o seu DNI.

PASO 4

Na mesa electoral vas ver 2 urnas.

Cando as persoas da mesa che digan que podes votar

tes que facer o seguinte:

- Mete o teu sobre branco

  na urna na que hai un sobre branco

  que pon Deputados/as.

- Mete o teu sobre de color salmón

  na urna na que hai un sobre de color salmón

  que pon Senadores/as.

Non tes porque votar ás 2 cousas.

Podes votar só para os deputados e deputadas

ou só para as senadoras e senadores.

Urnas do Senado e do Congreso.

O teu voto conta!

FADEMGA

Plena inclusión Galicia

www.fademga.org